

A AELG publica a listaxe de candidaturas aos seus premios literarios 2012

23.03.2013 A portuguesa Lúcia Jorge recibirá o galardón Escritora Galega Universal

REDACCIÓN

Santiago. Os premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) xa teñen finalistas. Os 425 socios e socias da AELG, tamén os de Gáliz e o Colexio de Xornalistas que votaron en dúas categorías, xa escolleron quen optará aos premios ás mellores publicacións no 2012. Os gañadores daranse a coñecer no transcurso dunha gala o 4 de maio no auditorio do Centro Ágora da Coruña.

Na modalidade de narrativa compiten A noite branca, de Fernández Naval; As voces baixas, de Manuel Rivas; Morgana en Esmelle, de Begoña Caamaño; Tonas de laranxa, de María Lorenzo Miguéns e Manuel Lorenzo Baleirón; e Verde oliva, de Xavier Alcalá.

No apartado de poesía compiten Boca da cobra, de Salinas Portugal; Emily on the road, de Ramón Blanco; Fase de trema, de Lorena Souto; O silencio, de Mario Regueira; Os ángulos da brasa, de Álvarez Torneiro; e ruído de fondo, de Daniel Salgado. Na categoría Literatura Infanto-xuvenil trátase dos libros Eu, pel, de Teresa González Costa; O corazón de Xúpiter, de Leticia Costas; O neno can, de Fina Casalderrey e Francisco Castro; e Palabras de auga, de Marcos Calveiro.

Tres títulos optarán ao galardón de ensaio: Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez, de Carlos Callón; O labirinto da saudade, de Luís G. Soto; e Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro, de Ramón Nicolás. En teatro foron dúas as pezas seleccionadas, Banqueiros, de VV. AA. -Francisco Pillado, coordinador-; e Novo teatro fantástico, de Manuel Lourenzo. En canto aos blogs literarios figuran entre os candidatos Caderno da crítica, de Ramón Nicolás; Criticalia, de Armando Requeixo; e Versos e aloumiños, de Antonio García Teijeiro e Antón García-Fernández. No eido da tradución compiten Darío Xohán Cabana; Moncho Iglesias e Samar Sabat; Isabel Soto; Jesús Saavedra; e Xesús Fraga. Ao premio á mellor traxectoria en xornalismo cultural concorren Ana Romaní, Blanca-Ana Roig Rechou, Carme Vidal, Fran P. Lorenzo, Iago Martínez, María Solar, Moncho Paz e Ramón Nicolás.

A portuguesa Lúcia Jorge recollerá o galardón Escritora Galega Universal e haberá premios tamén para Manuela Cortizo e Ángel Rivas (Premio Mestres e Mestras da Memoria); para as asociacións culturais históricas de Galicia (Premio Institucións); e para os humoristas Siro, Gogue, Pepe Carreiro, O Carrabouxo e Xaquín Marín (Premio Bos e Xenerosos).